



Resolución do 16 de xuño de 2025, conxunta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se regula o fondo de préstamo de libros de texto, (Fondo E-Dixgal), con carácter extraordinario, en centros docentes sostidos con fondos públicos participantes no programa E-Dixgal para o curso escolar 2025/26

En prol dunha educación equilibrada na que a tecnoloxía e os métodos convencionais se complementen de maneira eficaz, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional consolida o modelo de ensino híbrido no Proxecto E-Dixgal coa combinación de materiais dixitais e recursos en papel.

Nesta liña, no curso 2025/26 os centros educativos participantes no programa E-Dixgal poderán incorporar ata tres libros de texto na etapa de primaria e ata dous en secundaria obrigatoria nas materias que determinen, combinando así contidos dixitais e en soporte papel, de acordo co disposto na Resolución do 13 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula o proxecto Educación Dixital de Galicia (E-Dixgal) e a convocatoria para a selección de novos centros participantes para o curso 2025/26 (En diante, Resolución do 13 de maio de 2025).

Para facer posible este modelo, a consellería constituirá un fondo de préstamo de libros de texto (Fondo E-Dixgal) que se axustará aos mesmos criterios de renda establecidos na Orde da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional do 28 de abril de 2025, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2025/26 (en diante, Orde do 28 de abril de 2025).

Así, a presente resolución integra a participación no fondo de libros de texto en 5º e 6º de educación primaria (en diante, EP), e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (en diante, ESO), para centros E-Dixgal.

Consecuentemente, para seguir avanzando na mellora do sistema educativo galego e, de xeito especial, na mellora das competencias do alumnado,

RESOLVO

Apartado 1. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto regular o procedemento para que os centros docentes sostidos con fondos públicos incluídos no proxecto E-Dixgal participen, durante o curso académico 2025/26, nun fondo de préstamo de libros de texto (Fondo E-Dixgal).





Apartado 2. Destinatarios

Todos os centros E-Dixgal que, de acordo co establecido no apartado quinto da Resolución do 13 de maio de 2025, se incorporen ó fondo de préstamo de libros de texto (Fondo E-Dixgal), no curso escolar 2025/26.

Apartado 3. Asignación de libros

3.1. O centro docente adquirirá os libros de texto reutilizables, correspondentes ás materias identificadas en Xade, segundo o establecido nos apartados quinto e décimo da Resolución do 13 de maio de 2025, que sexan necesarios para garantir:

a) Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.

- En primaria, os libros que determine o centro, ata un máximo de 3.
- En secundaria, os libros que determine o centro, ata un máximo de 2.

b) Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €.

- En primaria, os libros que determine o centro, ata un máximo de 2.
- En secundaria, 1 libro, se o centro establece algún libro.

c) Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que ademais teña recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%, que a xuízo do centro docente poida usar os libros de texto, con independencia da renda:

- En primaria, os libros que determine o centro, ata un máximo de 3.
- En secundaria, os libros que determine o centro, ata un máximo de 2.

O importe máximo que aboará a consellería a cada centro por cada libro será de 40 € en EP e 45 € en ESO.

3.2. Os centros educativos que contén neste curso académico 2024/25 cun Fondo Solidario de libros e pasen a integrarse no proxecto E-Dixgal, asignarán ao alumnado os libros de texto dispoñibles, correspondentes ás materias identificadas en Xade, segundo o establecido nos apartados quinto e décimo da Resolución do 13 de maio de 2025, no número e condicións que se determinan no punto anterior, tendo en conta que:

a) Terá preferencia para esta adxudicación con independencia da renda:

1º O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia.





2º A continuación, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e que, a xuízo do centro docente, poida usar libros de texto do fondo.

b) Por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, aplicarase o disposto no punto 3.1

Apartado 4. Procedemento

1º Os centros docentes sostidos con fondos públicos que participen no proxecto E-Dixgal durante o curso académico 2025/26, determinarán o número de libros de préstamo para cada curso E-Dixgal co máximo establecido no apartado 3.

2º O alumnado matriculado en cursos E-Dixgal que solicite a axuda para a adquisición de material escolar, ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2025, resultará beneficiario do préstamo de libros (Fondo E-Dixgal), de acordo co establecido no apartado 3 desta Resolución.

Os centros educativos deberán informar ás familias que para poder ser beneficiario do Fondo E-Dixgal deberán presentar a solicitude de axuda para a adquisición de material escolar prevista na Orde do 28 de abril de 2025 (O prazo remata o 20 de xuño de 2025).

3º O alumnado que, con posterioridade ao 20 de xuño de 2025, pase a estar en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia ou se incorpore a un centro docente sostido con fondos públicos procedente de fóra de Galicia ou dun centro situado en Galicia pero non sostido con fondos públicos, poderá acceder ao fondo de préstamo de libros de texto (Fondo E-Dixgal) nos termos previstos no apartado 3, se solicita e resulta beneficiario de axudas para a adquisición de material escolar, consonte ao establecido no artigo 10.2 da Orde do 28 de abril de 2025.

4º O alumnado que repita 4º da ESO e aquel que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2025/26 e formalice a matrícula no curso da ESO que lle corresponda, cando non tivese presentado solicitude de axudas de material escolar no prazo xeral que remata o 20 de xuño de 2025, poderá facelo no prazo que establece o artigo 10.3 da Orde do 28 de abril de 2025. A condición de beneficiario destas axudas determinará, igualmente, que resulte beneficiario do fondo de préstamo de libros de texto, Fondo E-Dixgal.

Apartado 5. Financiamento do fondo de préstamo

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional financiará a adquisición de libros de texto para o fondo de préstamo dos centros docentes sostidos con fondos públicos, que participen no proxecto E-Dixgal, con cargo á aplicación orzamentaria 07.05.423A.628.0, polos importes de 3.076.080,00 € para o ano 2025 e 300.000,00€ para o ano 2026.

Estas contías poderán ser ampliadas se as dispoñibilidades orzamentarias o permiten.





Apartado 6. Competencia

O órgano instructor deste procedemento, encargado de levar a cabo as actuacións administrativas para a execución do previsto nesta resolución, é a Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa.

O órgano competente para resolver este procedemento é a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos é o órgano encargado de realizar as actuacións precisas para a xestión orzamentaria do expediente de gasto.

Apartado 7. Publicación de actos

De conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas, daráselle publicidade á listaxe de persoas beneficiarias de libros de texto do fondo de préstamo única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do recinto escolar.

Apartado 8. Adquisición de libros de texto para préstamo, xustificación e pagamento do Fondo E-Dixgal

1. O centro docente adquirirá os libros complementarios necesarios para garantir o número de libros establecidos nesta resolución.

A adquisición dos libros do Fondo E-Dixgal realizarase e facturarse de xeito separado do Fondo solidario de libros de texto (Procedemento ED330B), xa que a xustificación de ambos procedementos tamén deberá realizarse de forma independente.

A citada adquisición realizarase, preferentemente, a través das librarías/establecementos da zona de referencia do centro educativo.

Todos os libros que se adquieran deberán estar dispoñibles en calquera librería/establecemento da comunidade autónoma.

2. Para xustificar esta adquisición, os centros gravarán na aplicación informática Fondolibros, no apartado Xustificación Fondo E-Dixgal, a suma dos importes de todas as facturas dos libros adquiridos para os cursos E-Dixgal. A persoa titular da dirección do centro ou aquela que designe xerará o informe de xustificación de adquisición de libros de texto complementarios (Anexo I) desta resolución.

Este informe, unha vez selado e asinado manualmente ou asinado dixitalmente pola dirección do centro, deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, utilizando o PR004A dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos indicando no asunto «Anexo I. Xustificación Fondo E-Dixgal».





Se o importe xustificado supera o importe resultante de multiplicar a contía máxima por libro (40 € en EP e 45 € en ESO) polo número de libros complementarios adquiridos, tramitarase o pagamento polo importe máximo e non se aboará a diferenza.

Non obstante, o importe por curso poderá superar o importe máximo dese curso, sempre que se compense coa correspondente minoración noutro/s curso/s do Fondo E-Dixgal, de xeito que o importe total xustificado non supere o importe máximo por centro como indica o punto anterior.

Cando o centro tivese realizado unha xustificación por un importe, pero, debido a novas incorporacións para un curso E-Dixgal ou a outras circunstancias, necesite xustificar un importe superior, realizará unha xustificación acumulativa, é dicir, a suma dos importes xa xustificadas para o Fondo E-Dixgal e dos novos importes para este mesmo fondo, e tramitarase o pagamento pola diferenza.

3. Os centros docentes deberán xustificar as adquisicións de libros complementarios efectuadas para o Fondo E-Dixgal o antes posible e, en todo caso, ata o 31 de outubro de 2025. As xustificacións complementarias derivadas de novas incorporacións a cursos E-Dixgal poderán facerse ata o 22 de abril de 2026.

4. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, unha vez recibida a xustificación do Fondo E-Dixgal enviada polo centro e revisada polo órgano instructor do procedemento, e trala resolución da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, tramitará as ordes de pagamento.

Apartado 9. Entrega dos libros de texto do curso 2025/26

1. O centro poderá pospor a entrega dos libros de texto asignados no Fondo E-Dixgal ata o inicio do curso; se dispuxera deles tamén poderá facelo o día que publique a listaxe definitiva de alumnado beneficiario ou o día seguinte.

2. O centro docente xerará a través da aplicación informática *fondolibros* un documento de entrega, que terá a sinatura da persoa titular da dirección, o selo do centro e a sinatura do representante legal do alumnado, ao que se lle entregará unha copia.

Apartado 10. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias de libros procedentes deste fondo de préstamo deberán conservar en bo estado os libros de texto recibidos durante o curso académico 2025/26 e devolvelos ao rematar este ao centro educativo.

Apartado 11. Compatibilidade

Ser beneficiario/a de libros de texto procedentes deste fondo de préstamo do centro será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas.





Apartado 12. Traslado do alumnado

No caso de traslado do alumnado resultará de aplicación o disposto no artigo 25.1 da Orde do 28 de abril de 2025.

Apartado 13. Conservación da documentación, control e revisión dos procedementos

1. Toda a documentación presentada polas persoas que participen no fondo de préstamo de libros de texto (Fondo E-Dixgal) así como as facturas deberán quedar debidamente archivadas no centro a disposición das comprobacións que poidan realizarse.

2. Así mesmo, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderán requirir cantos documentos e aclaracións consideren necesarios, dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos proporcionados e realizar actividades de inspección e verificación para asegurar o correcto destino e uso dos libros adquiridos para o fondo de préstamo do centro (Fondo E-Dixgal).

Apartado 14. Deber de confidencialidade

O profesorado e o persoal de administración e servizos dos centros docentes sostidos con fondos públicos que, con motivo do desenvolvemento das súas funcións, accedan a datos persoais e económicos do alumnado e das familias, quedarán suxeitos ao deber de confidencialidade e á lexislación sobre protección de datos.

Apartado 15. Recurso

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Apartado 16. Eficacia

Esta resolución terá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Directora xeral de Ordenación
e Innovación Educativa

Director xeral de Centros
e Recursos Humanos

